

Estracto da Convocatoria pública de Concesión de Subvencións a Clubs e entidades deportivas de ámbito municipal correspondente ao exercicio 2023, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 25 de setembro de 2023

Primeiro: Beneficiarios

Os/as destinatarios/as destas subvencións serán os clubs, e entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento das actividades no ámbito municipal, que reunindo os requisitos xerais esixidos na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións e axudas públicas do Concello de Narón, cumpran os requisitos da convocatoria.

Segundo: Obxeto

Son obxecto de subvención os programas e actividades dos clubs e entidades deportivas, debidamente rexistradas no Concello de Narón, desenvolvidas no termo municipal.

Tercero: Bases reguladoras

Ordenanza Municipal Reguladora da concesión de Subvencións e axudas públicas do Concello de Narón, de data 26 de outubro de 2017, publicada no BOP Nº 2 de data 3 de xaneiro de 2018.

Cuarto: Contía

As subvencións que se concederán na presente convocatoria efectuaranse con cargo ao orzamento do Concello de Narón para o exercicio 2023, aplicación orzamentaria 3410-48001, ata un máximo de 80.000,00 €.

Quinto: Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais, a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña.

Narón, 05 de outubro de 2023

A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Narón: Marián Ferreiro Díaz